



# BOP

MARTES, 24 DE MAIO DE 2022

N.º 117

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA. SERVIZO DE DEPORTES

*Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O TRECE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

#### **Primeiro.- Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra e montaña e vehículos históricos, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

#### **Segundo. Obxecto:**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2022, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos.

#### **Terceiro. Bases reguladoras**

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas?page=1>

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/axudas>

#### **Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo**

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 41.000,00 € (corenta e un mil euros).

Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00€.

#### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio.

Lugo, 19 de maio de 2022.- "O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN, ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón". O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1293

## CONCELLOS

### BÓVEDA

#### Anuncio

#### LICITACIÓN DE ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA

Por Resolución de Alcaldía núm.: 2022-0226 de data 13/05/2022 aprobouse o prego de cláusulas administrativas para o alleamento por poxa pública de madeira procedente das podas efectuadas na praza da Filgueira do Concello de Bóveda.

Por medio do presente anuncio dáse a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

- Entidade adxudicataria: Concello de Bóveda
- Obxecto do contrato: venda de leña dividida en lotes
- Tramitación: poxa
- Orzamento base de licitación: prezo fixado para cada lote, segundo valoración pericial, que será mellorable á alza polas persoas licitadoras.

LOTE	ESPECIE PREDOMINANTE	CUBICAXE m3	PREZO BASE DE SAÍDA	IVE (21%)	PREZO CON IVE
LOTE 1	PLATANEIRO	5,61	179,52€	37,70€	217,22€
LOTE 2	PLATANEIRO	3,036	97,15€	20,40€	117,55€
LOTE 3	PLATANEIRO	1,98	63,36€	13,31€	76,67€
LOTE 4	PLATANEIRO	3,3	105,60€	22,18€	127,78€
LOTE 5	PLATANEIRO	1,98	63,36€	13,31€	76,67€
LOTE 6	PLATANEIRO E PINO	2,2	70,40€	14,78€	85,18€
LOTE 7	PINO E MEZCLA	1,375	44,00€	9,24€	53,24€
LOTE 8	PINO	8,8	281,60€	59,14€	340,74€
<b>TOTAL</b>		<b>28,28</b>	<b>904,99€</b>	<b>190,05€</b>	<b>1.095,04€</b>

5. Obtención de información e documentación: Concello de Bóveda, Avda. Alfonso XIII, 85, 27340, Bóveda (Lugo); teléfono 982 426 006 e no perfil do contratante Portada - Contratos Públicos de Galicia (contratosdeg Galicia.gal).

6. Documentación a presentar e requisitos para participar: indicados no prego de cláusulas administrativas particulares.

7. Presentación das ofertas: Rexistro Xeral do Concello de Bóveda con domicilio en Avda. Alfonso XIII, 85, 27340, Bóveda (Lugo), en horario de 09:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación **no Perfil de contratante**. Cando as proposicións se envíen por correo, deberanse xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico á dirección [intervencion@concellodeboveda.com](mailto:intervencion@concellodeboveda.com) no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

8. Apertura das ofertas: A Mesa de Contratación constituirase tras a finalización do prazo de presentación das proposicións.

Bóveda, 13 de maio do 2022.- O Alcalde, D. José Manuel Arias López.

R. 1261